

## INDICACIONES XERAIS FÍSICA 2º BACHARELATO

### Temario e temporalización

#### Primeiro trimestre:

- **UD 0:** Repaso mecánica clásica
- **UD 1:** Campo gravitatorio
- **UD 2:** Movemento ondulatorio

#### Segundo trimestre:

- **UD 3:** Campo eléctrico
- **UD 4:** Campo magnético e indución electromagnética

#### Terceiro trimestre:

- **UD 5:** Óptica
- **UD 6:** Física cuántica
- **UD 7:** Física relativista
- **UD 8:** Física nuclear

### Materiais

- Libro de texto ("Física" 2º bacharelato da editorial edebé) e materiais elaborados pola profesora.
- Libros, textos ou artigos de divulgación científica.
- Libreta ou arquivador para o traballo diario de aula.

### Criterios xerais de cualificación

#### Cualificación trimestral

- A nota de cada avaliación será a resultante da nota media das probos escritas realizadas durante a avaliación ou a única proba escrita da mesma (**95 % da cualificación**) e da nota obtida mediante o traballo na aula e no laboratorio, a realización de informes de prácticas e/ou a lectura de algún libro de divulgación científica (5% da cualificación).
- Realizaranse como norma xeral, unha proba escrita por avaliación (aínda que podería realizarse mais de unha por avaliación se se considera necesario nalgún caso). Estas probas consistirán en cuestións teóricas que deberán ser razoadas/xustificadas, preguntas tipo test con resposta igualmente xustificada e similares ás propostas nas probas ABAU, problemas de cálculo numérico e outros relacionados coas prácticas de laboratorio.
- En cada proba escrita será necesario obter unha nota mínima de **4 sobre 10** para que faga media co resto de probas escritas do trimestre (se as hai) e poida sumárselle á nota media destas as notas acadadas cos outros instrumentos de avaliación. **NON SE FARÁ MEDIA CON UNHA CUALIFICACIÓN INFERIOR A ESTA.**
- **É necesario acadar un 5 na cualificación final de cada avaliación** para ter aprobada a mesma, unha vez sumada á nota media das probas escritas a puntuación conseguida cos outros instrumentos de avaliación.
- Se alguén non asistise a un exame na data fixada, terá que **xustificar** convenientemente a falta para poder facelo noutra nova data.
- Para obter a cualificación final de cada avaliación aplicarase o redondeo matemático: cando o primeiro decimal sexa igual a 5 ou superior, redondearase á seguinte unidade.

### Cualificación final

- A cualificación final do curso obterase facendo a media da cualificación de cada avaliación con decimais, aplicando o método de redondeo matemático, **debendo de estar todas elas superadas para poder aprobar o curso (nota igual ou superior a 5)**.
- No caso dunha proba escrita non superada realizarase outra proba escrita referida aos contidos correspondentes e similar á realizada no seu momento. Esta proba farase SEMPRE DESPOIS DA AVALIACIÓN.
- A nota obtida na proba de recuperación substitúe á obtida no exame suspenso. Para facer media coas restantes cualificacións terá que ter unha nota mínima de 4 sobre 10.
- Para obter a cualificación final aplicarase o redondeo matemático: cando o primeiro decimal sexa igual a 5 ou superior, redondearase á seguinte unidade.
- Se despois das recuperacións correspondentes algún alumno ou alumna mantívese algunha proba escrita suspensa, terá que ir ao exame final da materia que terá lugar en maio para facer a recuperación da mesma.
- No caso do alumnado con perda do dereito á avaliación continua realizarase unha proba escrita na que debe ter unha puntuación mínima de 5 sobre 10 para considerarse aprobada a materia.

### Procedemento de avaliación extraordinaria

- No mes de xuño realizarase unha proba escrita extraordinaria para o alumnado que non acadara os obxectivos da materia de forma ordinaria ao remate do curso. Nesta proba realizaranse preguntas referidas ós graos mínimos de consecución dos criterios de avaliación correspondentes.
- A cualificación de xuño será a cualificación obtida na proba escrita utilizando o método de redondeo matemático.

### Previsión de prácticas de laboratorio

Realizaranse as prácticas de laboratorio recomendadas establecidas para o desenvolvemento do curso.

### Previsión de actividades extraescolares

Valorarase no seu momento a participación nas actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso, se fora o caso, e que se consideren de interese para avanzar no proceso de ensino-aprendizaxe da materia e para a formación do alumnado